



Os monólogos R voltan aos escenarios de Vigo este domingo

- ***Tras a paréntese da pandemia e unha edición de 2021 televisada, este mes de maio regresaron os monólogos R con máis ganas e vigor que nunca en formato presencial da man de Touriñán, Oswaldo Digón e Marita Martínez.***
- ***En Vigo pecharase este domingo 29 a nova quenda dos monólogos itinerantes de 2022 do operador galego, cun espectáculo que xa se desenvolveu a principios de mes na Coruña e que recalará hoxe en Ourense e mañá venres 27 en Lugo.***
- ***R leva dende 2008 apostando polo humor “do país” e a fórmula dos monólogos para achegarse, de xeito diferente, aos seus/súas clientes/as e á poboación de Galicia en xeral***

Xoves, 26 de maio de 2022.- O periplo desta nova edición dos monólogos **R** rematará en Vigo este domingo 29, no Teatro Afundación en sesión única ás 18:00 h, logo de comezar a quenda na Coruña a principios de mes e de recalar hoxe en Ourense e o mañá en Lugo.

No escenario vigués, coma no resto dos espazos, a capacidade é limitada e para acudir é necesario contar con algún dos convites de **R** para clientes/as ou dos conseguidos nos concursos de redes sociais.

Falamos de humor “do país” en estado puro, cuxos condutores/a serán, nesta nova quenda de espectáculos, Xosé A. Touriñán (*Touri*), Oswaldo Digón e Marita Martínez, monologuistas da canteira galega moi populares en Galicia que, con seguridade, provocarán un ano máis as gargalladas do seu público.

En 2020, a pandemia interrompeu o desenvolvemento desta exitosa acción itinerante dos monólogos **R** que dende hai xa catorce anos ten feito rir a miles de galegos e galegas da man dos/as monologuistas, actores e actrices máis sonados/as da terra. O ano pasado, con motivo das restricións pola crise sanitaria, atopouse unha solución televisada para manter en activo os monólogos a través da ‘canle convidada’ da grella de programación de **R**.

Mais o gran momento chegou en maio, coa volta tan esperada aos teatros das actuacións presenciais deste evento querido e demandado como ningún por un público incondicional da devandita acción de **R**.

Sobre contos e 'outras movidas'

'Quéroche un conto' era unha expresión que utilizaba a avoa de **Marita Martínez** para dicir que todo tiña o seu aquel, e acostumaba pronunciala xusto antes de arrincarse a contar como cambiaran as cousas dende os seus tempos. Das súas anécdotas, e doutras recollidas de familia propia e allea vai o conto do monólogo de Marita este domingo en Vigo. De como eran os amores e as regueifas, das festas e os perigos do pasodobre, dos alcumes e a retransca, das peculiaridades do noso carácter que tanto cambiaron... ou non. En definitiva, das cousas de antes e das cousas de agora.

Oswaldo Digón achegaranos na súa intervención nos monólogos **R**, a sensación que ten dende non hai moito tempo coa denominada "nova normalidade". É o mesmo pero... doutra forma. É *Outra movida*. A vida de todo o mundo segue a ser igual pero distinta. A percepción é que todo é novo, que a consciencia social se decatou de que nada é para sempre, e iso fainos actuar cunha présa esaxerada por vivir o presente, non vaia ser... Neste espectáculo Oswaldo Digón conta todo o importante do que viviu e do que está a vivir. Como se fose un testamento de comedia da nova normalidade, desta "outra movida". Unha comedia de contos baseada en feitos irrealis na que todos os personaxes teñen o nome cambiado para que se poidan identificar con facilidade.

E como mestre de cerimonia **Xosé A. Touriñán**, que dará tamén boa conta das súas ocorrencias en varias intervencións no escenario do Teatro Afundación, onde compartirá táboas cos seus colegas de profesión para deleite do auditorio.

Catro cidades galegas, de norte a sur

Tras o espectáculo da Coruña o pasado día 7 e os eventos inminentes de hoxe xoves no Pazo de Congresos de Ourense e de mañá venres 27 no Auditorio "Gustavo Freire" de Lugo o domingo 29 o Teatro Afundación de Vigo acollerá o peche desta quenda da acción de **R** en sesión única ás 18:00 h.



41.000 asistentes, 30 localidades e monolouistas da terra

Dende os seus inicios, os monólogos **R** organizáronse pensando especialmente en clientes/as do operador galego, a través dun formato definido (relato dunha única persoa en voz alta) que **R** leva escollendo dende 2008 para manterse preto da súa xente. É tamén unha aposta polo talento do país, polo enxeño e polo humor, talvez este último un dos xeitos máis rápidos e eficaces de acurtar distancias entre as persoas.

De feito, estes 14 anos falan de éxitos totais nas convocatorias dos monólogos **R**, nos que hai garantidas risas a varrer. E como mostra, as cifras: ata a data, en formato presencial, alcanzouse a cantidade de **41.000 asistentes** aos monólogos **R**, con espectáculos non só nas sete principais cidades galegas (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol) senón tamén noutras moitas localidades da comunidade como Viveiro, Vilalba, Ordes, Xinzo da Limia, Sarria, O Carballiño, Carballo, Ribadeo, Verín, Lalín, A Estrada, Melide, Noia, Allariz, As Pontes de García Rodríguez, O Barco de Valdeorras, Ponteceso (O Couto), Porriño, Cee ou Boiro, ata chegar a unha **trintena de concellos** visitados. A respecto do **talento galego**, polos **monólogos R** pasaron humoristas e/ou monologuistas do territorio tan populares como David Amor, Isi, Pepo Suevos, Carlos Blanco, Rober Bodegas, Marcos Pereiro, Federico Pérez, Javier Veiga, Víctor Grande, David Perdomo ou, como arestora, Marita Martínez, Oswaldo Digón e Xosé A. Touriñán, os dous últimos xa asiduos desta cita co público galego para esmendrellarse coa risa.

Sobre os/a monologuistas/a

Xosé A. Touriñán, popularmente coñecido como 'Touri', leva máis de dez anos no mundo do humor e o audiovisual galego. A principios de 2000 forma con Marcos Pereiro o dúo cómico "Os Dous de Sempre", unha proposta que acadou o éxito co espectáculo "As Cantareiras de Ardebullo" no que Touriñán interpreta a Mucha, un dos personaxes máis coñecidos da televisión galega. Un éxito que o levou a dirixir e presentar o seu propio programa, "Tourilandia". Touri, que por veces transmutaba en Manolo Lojo, ten participado en programas, series e filmes de ámbito autonómico como "Padre Casares", "Botarse ao Monte", "Era Visto", "Land Rober", "Os Fenómenos", "Os Mariachi" ou os premios 'Mestre Mateo'. Converteuse nunha das figuras máis destacadas da Televisión de Galicia, e nos últimos anos traballou a nivel nacional en series e filmes como "Fariña", "Justo Antes de Cristo", "Antes de perder", "Pequeñas Coincidencias", "Malencolía",... ou en programas de TVE como "Rutas Bizarrias". Produtor e actor tamén de espectáculos teatrais como "Fariña", que leva xirando por Galicia e España dende 2019. Este 2022 estreará como produtor o espectáculo "Continente María" e a súa primeira curtametraxe, "Nena".

Oswaldo Digón tamén repite nos monólogos **R**. O cómico e actor galego, que manexa a retranca como ninguén, estudou teatro na academia 'Casa Hamlet, Improvisación Teatral' con ImproMadrid e interpretación coa produtora audiovisual 'La Tuerka 27'. Actor de teatro para as compañías "Espello Cóncavo", "Teatro da Bufarda" e "Valacar". Participou como cómico de reparto do espectáculo 'Las noches del Club de la Comedia' no Teatro Rialto (Madrid) e Teatro Condal (Barcelona). É responsable do guión e interpretación ndos monólogos de comedia "Diálogos en 3D" e "Gente triste". Actor do programa "Malo Será!" da Televisión de Galicia. Guionista dos programas da TVG: "A casa da Conexa", "Tourilandia", "Malo Será!" e "Malicia Noticias". Tamén é actor e director de improvisación teatral en "Os Duguis Impro" e no espectáculo "Coleccionistas". Actor no espectáculo de divulgación científica "Carbón", creado e dirixido por Xurxo Mariño, actor e creador xunto a Carlos Blanco do espectáculo de comedia "Quen dixó medo!". No último ano incorporouse tamén ao elenco de "Fariña", o espectáculo teatral, baseado no libro de Nacho Carretero e dirixido por Tito Asorey.

Marita Martínez é unha experta contadora de historias, como demostra no seu actual espectáculo "Quéroche un conto". Ademais de facer rir conta con dez anos de experiencia como improvisadora ás súas costas en teatro amateur e universitario ('Teatro da Bufarda' e 'LaTuerka Teatro') e a nivel profesional con compañías como "Espello cóncavo" e "Teatro Galileo". Así mesmo traballou en series tan emblemáticas do audiovisual galego como "Mareas Vivas", "Pequeno Hotel", "Os Atlánticos", "Cuarto sen ascensor", "Os Mariachi" e "Malo Será!".

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal